

[Que pasa na costa](#) > [Concellos](#) > [Camariñas](#) >

#25N: Concellos e escolares demostraron a maior implicación da Costa da Morte na loita contra as violencias

QPC

24 Nov 2018 [Redacción](#)



Cee demostrou o seu potencial social contra a violencia de xénero-Foto-Rafa Quintáns

Realmente está sendo asombrosa [implicación da Costa da Morte na campaña polo Día contra a Violencia de Xénero](#). Ano tras ano segue medrando o interese de entidades, de concellos, de centros de ensino e da propia sociedade, que cada vez máis se decata da necesidade de loitar contra esta doenza social.

A realidade é que a campaña En negro contra as violencias ten calado na comarca, e só 4 concellos quedaron fóra do paraugas desta iniciativa que partiu hai 3 anos do Concello de Santiago, e xa cobre medio país.

I é que non podemos cambiar o foco, porque as cifras (ademais de todas as historias que hai detrás) non nolo permiten. Segundo ONU Mulleres, o 35% das mulleres do planeta sufriron violencia física e/ou sexual por parte do seu compañeiro sentimental ou violencia sexual dunha persoa distinta deste nalgún momento da súa vida. No Estado español, desde o 2003 foron asasinadas case 1000 mulleres e no que vai de ano a violencia de xénero rematou coa vida de 43 mulleres, 3 delas en Galicia.

#Ceeennegro

[Que pasa na costa](#) > [Concellos](#) >



A Casa da Cultura estaba chea-Foto-Rafa Quintáns

